

PROXECCIONS EN NUMAX: 5, 11 e 20 de xullo
V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

His Girl Friday (1940, 92')

Dirección: Howard Hawks

Guión: Charles Lederer, Ben Hecht, Charles MacArthur

Elenco: Cary Grant, Rosalind Russell, Ralph Bellamy, Gene Lockhart, Porter Hall, Ernest Truex, Cliff Edwards, Clarence Kolb, Roscoe Karns, Frank Jenks

Son: Lodge Cunningham

Montaxe: Gene Havlick

Vestuario: Robert Kalloch

Dirección de arte: Lionel Banks

Fotografía: Joseph Walker

Música: Morris Stoloff

Produtoras: Columbia Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Penteo Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Seleccionada polo National Film Preservation Board en 1993

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Río Bravo, 1959

Los caballeros las prefieren rubias, 1953

Río Rojo, 1948

Sueño eterno, 1946

Tener y no tener, 1944

La fiera de mi niña, 1938

Scarface, el terror del Hampa, 1932

SINOPSE

Hildy Johnson, a mellor reporteira do xornal Morning Post, anuncia que vai deixar o xornalismo para casar e fundar unha familia. Pero Walter Burns, o editor do diario e ex-marido de Hildy, non está disposto a aceptalo, polo que se serve de toda clase de artimañas para retela no periódico.

«Co seu delirante pulso narrativo Howard Hawks rodou unha das súas mellores películas, obra mestra da *screwball comedy* e a sátira xornalística»

Ángel Lapresta, EL CRITICÓN



Lúa Nova en Madison

Por David Bordwell

A comezos de abril de 1940 *Lúa nova* proxectouse en Madison, Wisconsin. Compartía cartaz con *Juarez* (William Dieterle, 1939), *En tinieblas* (William A. Wellman, 1939), *La fuerza bruta* (*De ratones y hombres*, Lewis Milestone, 1939) e un relanzamento de *El hombre y el monstruo* (Rouben Mamoulian, 1931); ademais *Pinocchio* (Ben Sharpsteen e Hamilton Luske, 1940), da Disney, estaba a piques de estrearse. A falta de televisión e vídeo doméstico o cinema era unha arte cotiá. Agás nas cidades grandes, cada filme ficaba en cartel tan só uns días. Os programas mudaban dúas ou tres veces por semana e as sesións dobres aseguraban ao espectador gozar dun aluvión de filmes —á volta de 700 só en 1940. A xente respondía indo ás salas a unha media de 32 filmes por ano. Dada a competencia non é sorprendente que *Lúa nova* non destacase especialmente na súa estrea pois nunha soa xornada tiña que competir con iconas como Paul Muni, Ronald Colman ou Bette Davis.

Hoxe en día, calquera que olle *Lúa nova* pode comprobar que se trata dun dos maiores logros do sistema de estudos. Porén, este extraordinario filme foi longamente esquecido durante tres

décadas. Como se converteu nun clásico? A resposta atópase, en parte, no crecente estatus que foi acadando Howard Hawks entre a crítica moderna.

A consideración de Hawks como un autor data dos anos sesenta. Antes diso, os historiadores americanos tiñano practicamente ignorado. Desde un inicio a figura de Hawks foi máis apreciada en Francia. O ensaio que marcou a súa revalorización é *O xenio de Howard Hawks* escrito por Jacques Rivette en Cahiers du Cinéma en 1953. Inspirado en *Me siento rejuvenecer* (1952) o texto de Rivette, coas súas habituais divagacións filosóficas, axudou a identificar as tácticas creativas de Hawks. Rivette e os seus colegas cahieristas eran coñecidos na altura como Hichcock-Hawksiáns.

Cando eu vin *Lúa nova* moi pouco se tiña escrito sobre ela. Porén, trátase dun filme moi importante para min. Emprégoo arreo para ilustrar os meus textos e relatorios. Non é unha mala guía para a vida social. Permite aprender moito da alegría *jonsonianana*, e sobre o egoísmo e a incompetencia humana. Cos anos, *Lúa nova* converteuse ademais nunha referencia para a crítica de cinema feminista, particularmente para Molly Haskell no seu texto *From Reverence to Rape* (1974) e nunca perdeu o seu caché para os seus amantes do cinema de autor. Richard Corliss no seu *Talking Pictures: Screenwriters in the American Cinema* ten declarado que *Lúa nova* é a mellor comedia de Hawks e posibelmente o seu mellor filme.

En 1993 a película foi indexada no National Film Registry, o que lle outorgou

prioridade para a súa preservación na Biblioteca do Congreso. Columbia rexistrou a copia cunha nova versión do filme, unha magnífica restauración que tivo o seu lanzamento en DVD. Hai uns anos puiden ver o filme nunha copia de 35mm. cuxa abraiante beleza quita o bafo. O caso é que se Columbia non tivese renovado os dereitos e relanzado o filme pode que hoxe en día non fose tan amplamente admirado. Os estudantes e o público xeral puideron descubrir esta obra mestra porque tiveron acceso virtual ao filme, así que grazas á piratería *Lúa nova* acadou un lugar no canon.

Volvendo a maio de 1940, *Lúa nova* proxectouse en Madison, cunha estrea no cinema da primeira avenida, o céntrico Strand, e unha reposición nunha sala do leste da cidade, a Madison. O filme volveu en setembro para unha terceira proxección no Eastwood. Mesmo houbo un retorno do filme en marzo de 1941 como segunda parte dun programa dobre no Madison no que tiña que competir con filmes de Ford, Lubitsch, Astaire-Rogers e Hope-Crosby. Naquela altura unha cidade do medio oeste de non máis de 60.000 habitantes podíase converterse, sen querer, nunha auténtica cinemateca.

Publicado en www.davidbordwell.net/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Sólo los ángeles tienen alas, Howard Hawks
Sony [DVD]

Río Bravo, Howard Hawks
Warner [DVD]

Río Lobo, Howard Hawks
Paramount [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX